



\_\_\_\_\_

APELIDOS, NOME

\_\_\_\_\_

D.N.I.

## AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE  
TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.  
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: AUXILIAR DE INFORMÁTICA

PARTE ESPECÍFICA

### ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
- Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na “folla de exame” entre os números 1 e 110.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na “folla de exame” é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa “folla de exame” que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a “folla de exame”, da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

**– SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

**– ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EXERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA

1. A velocidade de transferencia de datos, ou taxa de bits, é o número de bits que se transmiten por unidade de tempo a través dun sistema de transmisión dixital. En que se mide habitualmente?
- A) En voltios por minuto.
  - B) En quilowatts por hora.
  - C) En bits por segundo (bps), ou nos seus múltiplos Kbps, Mbps, Gbps.
  - D) En pascals.
2. O paciente ten dereito de acceso aos seus datos almacenados en IANUS?
- A) Non pode exercelo directamente, só a través do xulgado.
  - B) Non, en ningún caso.
  - C) Non, só pode coñecer aquilo do que o informe o seu médico de familia verbalmente.
  - D) Si, ten dereito de acceso á información contida na historia clínica electrónica e a obter copia dos informes ou datos que figuran nela.
3. Indique cal dos seguintes é un contedor virtual no que se almacena unha agrupación de arquivos informáticos:
- A) Integrador.
  - B) Agrupador.
  - C) Directorio.
  - D) Botón.
4. Indique cal dos seguintes non é un dos dereitos que o Real decreto 1720/2007 lles recoñece aos afectados:
- A) Dereito de acceso.
  - B) Dereito de rectificación.
  - C) Dereito de oposición.
  - D) Dereito de opinión.
5. Nun enderezo IP de clase B (255.255.0.0), a parte de rede é de:
- A) 3 bytes.
  - B) 2 bytes.
  - C) 8 bits.
  - D) 15 bits.
6. Cal é o porto por defecto para a transmisión mediante HTTPS segundo IANA?
- A) 443/udp.
  - B) 443/tcp.
  - C) 22/tcp.
  - D) 80/udp.
7. Cal das seguintes non é unha característica que define os sistemas de información?
- A) É un conxunto de elementos orientados ao tratamento e administración de datos e información.
  - B) Os datos e a información están ordenados.
  - C) Os datos e a información están listos para o seu uso posterior.
  - D) Os sistemas de información nunca teñen un obxectivo específico.

8. Cales son as dimensións básicas da seguridade da información?

- A) Exposición e relaxación de medidas.
- B) Confidencialidade, integridade e dispoñibilidade.
- C) Lentitude e exposición.
- D) Repudio e rexeitamento.

9. Entre os seguintes, que protocolo é utilizado para implantar redes privadas virtuais?

- A) ARP.
- B) IPSEC.
- C) RARP.
- D) TCP.

10. Indique cal das seguintes afirmacións sobre a utilidade MSCconfig do sistema operativo Microsoft Windows 7 é correcta:

- A) Permite abrir unha consola de MS-DOS.
- B) Permite activar ou desactivar servizos que arrancan ao iniciar o sistema.
- C) Permite configurar os dispositivos do sistema.
- D) Permite configurar as aplicacións de Microsoft instaladas no sistema.

11. Que tipos de constraints ou restricións SQL non son válidos nun campo dunha base de datos?

- A) NOT NULL.
- B) PRIMARY KEY, FOREIGN KEY.
- C) UNIQUE.
- D) CLASSIC.

12. Que característica ten que cumprir forzosamente unha función hash ou resumo?

- A) Debe dar resultados distintos para valores de entrada distintos.
- B) Debe dar resultados iguais para valores de entrada distintos.
- C) Debe dar o mesmo resultado para o mesmo valor de entrada.
- D) Debe dar resultados distintos para o mesmo valor de entrada cada vez que se execute.

13. Cal é a abreviatura que se usa de forma habitual en castelán para referirse aos sistemas de información?

- A) S. I.
- B) Sistinfo.
- C) Sisinformac.
- D) Sinformacion.

14. Para que serve unha función hash, ou resumo, cando se fala de ficheiros?

- A) Para nada. Só ten sentido nas táboas hash.
- B) Para que o ficheiro ocupe menos espazo.
- C) Para inserir rapidamente un novo rexistro.
- D) Para acceder de forma directa ao rexistro buscado, posto que a función hash devolve a posición do rexistro buscado.

15. Que tipo de disco duro utiliza memoria de semicondutores de estado sólido para almacenar a información igual á que inclúen os dispositivos de almacenamento USB e as tarxetas de cámaras dixitais?
- A) SAS.
  - B) SSD.
  - C) SATA2.
  - D) SCSI.
16. O cumprimento legal é parte dun sistema de xestión da seguridade da información:
- A) Non, só cobre a parte técnica.
  - B) Si.
  - C) Non, só cobre medidas técnicas e concienciación de usuarios.
  - D) Non, a normativa legal non afecta aos sistemas de información.
17. Como se denomina o conxunto de bits que son almacenados nun dispositivo?
- A) Ficheiro.
  - B) Formateado.
  - C) Pantalla.
  - D) Cámara.
18. Que sistema de almacenamento remoto utiliza protocolos estándar de comunicacións como TCP/IP?
- A) Discos duros externos USB.
  - B) NAS.
  - C) DAS.
  - D) Ningún sistema de almacenamento se conecta por TCP/IP.
19. Un ficheiro do que non se gardan copias de apoio e recuperación cumpre as medidas de seguridade de nivel alto establecidas no Real decreto 1720/2007?
- A) Si que as cumpre, xa que o Real decreto 1720/2007 prohíbe a realización de copias de seguridade.
  - B) Si que as cumpre, o Real decreto 1720/2007 só esixe realizar copias de seguridade dos ficheiros que se envíen a terceiros países.
  - C) Non as cumpre, dentro das medidas de seguridade de nivel alto, o Real decreto 1720/2007 indica que deberá conservarse unha copia de apoio dos datos e dos procedementos de recuperación destes nun lugar diferente daquel en que se atopen os equipos informáticos que os tratan.
  - D) Si que as cumpre, o Real decreto 1720/2007 indica que a realización de copias de seguridade é optativa.
20. Cal dos conceptos seguintes non forma parte da xestión da seguridade dos sistemas de información?
- A) Xestión de usuarios.
  - B) Xestión de soportes.
  - C) Xestión de riscos.
  - D) Xestión do mobiliario.

- 21.** Segundo o Decreto 29/2009, será necesario o consentimento da persoa interesada para a comunicación de datos persoais sobre a saúde a través de medios electrónicos entre o Servizo Galego de Saúde e o Sistema nacional de saúde?
- A)** Está prohibido comunicar datos entre o Servizo Galego de Saúde e o Sistema nacional de saúde.
  - B)** Non é necesario cando se realice para levar a cabo a atención sanitaria das persoas.
  - C)** As comunicacións de datos están prohibidas en España.
  - D)** Si que é necesario, requírese consentimento expreso e por escrito do paciente para anotar ou comunicar calquera dato.
- 22.** Cal dos seguintes non é un sistema de información de uso habitual?
- A)** Sistema de información xeográfica.
  - B)** Sistema de información para soporte a decisións.
  - C)** Sistema de información de planificación de recursos.
  - D)** Sistema de información non coherente.
- 23.** Indique a resposta correcta nos modelos relacionais de base de datos:
- A)** En cada táboa só pode haber una clave candidata.
  - B)** A orde das filas dunha táboa non é significativa.
  - C)** A integridade referencial esixe que non poden existir valores nulos en ningún campo.
  - D)** Ningunha das anteriores.
- 24.** Que nome recibe a serie de normas publicados pola Organización Internacional para a Estandarización (ISO) e a Comisión Electrotécnica Internacional como estándares de seguridade?
- A)** ISO Grifo.
  - B)** (IEC)ISO/IEC 9000.
  - C)** (IEC)ISO/IEC 14000.
  - D)** (IEC)ISO/IEC 27000.
- 25.** Indique cal dos seguintes non é un dos compoñentes básicos que interaccionan nun sistema de información
- A)** Hardware.
  - B)** Software.
  - C)** Datos.
  - D)** Espazo.
- 26.** É o rexistro de accesos unha das medidas de seguridade de nivel alto previstas polo Real decreto 1720/2007?
- A)** Non se define esta medida no Real decreto 1720/2007.
  - B)** Só existe unha medida de seguridade de nivel alto, a auditoría.
  - C)** Si, establece que de cada intento de acceso se gardarán, como mínimo, a identificación do usuario, a data e hora en que se realizou, o ficheiro ao que se accedeu, o tipo de acceso e se foi autorizado ou denegado.
  - D)** Só existe unha medida de seguridade de nivel alto, nomear responsable de seguridade.

27. Con que nome se coñece comunmente á estrutura de datos FIFO (First In First Out)?
- A) Script.
  - B) Cola.
  - C) Array.
  - D) String.
28. O obxectivo dun sistema de xestión da seguridade da información é eliminar todas as ameazas?
- A) Si, se non o sistema é incorrecto.
  - B) Si, en caso contrario debería interromperse a explotación do sistema de información.
  - C) Non, o obxectivo é coñecer os riscos e xestionalos, facer desaparecer as ameazas non é realista.
  - D) Si, un SXXSI que non elimine as ameazas non podería ser certificado.
29. En canto á linguaxe de interrogación de bases de datos SQL:
- A) É un estándar de facto cando falamos de linguaxes de interrogación de bases de datos. A súa base é a álgebra relacional.
  - B) É a linguaxe de interrogación de base de datos utilizada para facer consultas sobre bases de datos estruturadas, relacionais, xerárquicas ou en rede.
  - C) É unha linguaxe de consulta, pero para realizar operacións sobre bases de datos como a definición/creación destas utilízase outro tipo de linguaxes.
  - D) Non está implantada en Microsoft Access.
30. Cal dos seguintes sistemas é un RAID con dobre paridade?
- A) JBOD.
  - B) RAID 0.
  - C) RAID 1.
  - D) RAID 6.
31. Indique cal dos seguintes enderezos IP é válido como enderezo público en Internet:
- A) 8.8.8.8.
  - B) 10.36.21.2.
  - C) 127.0.0.65.
  - D) 169.254.13.2.
32. Crearon a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde un ficheiro de investigación biomédica e biobancos?
- A) Non se pode crear un ficheiro deste tipo.
  - B) Si que está creado, desde o ano 2013.
  - C) Está en proceso de creación.
  - D) Non está prevista a súa creación.
33. Cal das seguintes é unha ameaza física para a seguridade da información?
- A) Un incendio no centro de proceso de datos.
  - B) Un ataque hacker.
  - C) Un virus.
  - D) Software malicioso.

34. Pódense transferir internacionalmente datos de carácter persoal?
- A) Está terminantemente prohibido.
  - B) Si, sen ningunha limitación.
  - C) Só a Portugal e Francia.
  - D) Pódese facer, entre outras situacións, cando a transferencia teña por destino un Estado respecto do que a Comisión Europea declarou que existe un nivel adecuado de protección.
35. Como define o Real decreto 1720/2007 os datos de carácter persoal?
- A) Tratamento de datos que supón a súa revelación a unha persoa distinta da interesada.
  - B) Toda manifestación de vontade, libre, inequívoca, específica e informada, mediante a que o interesado consinta o tratamento.
  - C) Aqueles que non permiten a identificación dun afectado ou interesado.
  - D) Calquera información numérica, alfabética, gráfica, fotográfica, acústica ou de calquera outro tipo concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.
36. Por que é conveniente ter ordenado un ficheiro secuencial?
- A) É imposible que un ficheiro sexa secuencial.
  - B) Porque desta forma é máis sinxelo crear novos rexistros.
  - C) Porque é máis rápido detectar que o dato que se esta buscando non está no ficheiro.
  - D) Porque así ocupa menos espazo.
37. É unha boa medida de protección facer copias de seguridade dos ficheiros?
- A) Non, xa que é tecnicamente inviable.
  - B) Si, é útil tanto para o caso de catástrofes como para pequenas perdas accidentais.
  - C) Non, é fortemente desaconsellada por todas as metodoloxías.
  - D) Non, mesmo están legalmente prohibidas en España.
38. Que é un blog?
- A) Un servizo de correo electrónico gratuito.
  - B) Unha web de avisos.
  - C) É un espazo web persoal no que o seu autor pode escribir cronoloxicamente artigos, noticias, incluír imaxes, vídeos e ligazóns.
  - D) Un buscador de Internet.
39. O meu enderezamento é 192.168.10.10/24, e teño configurado como enrutador (router/gateway) o enderezo IP 192.168.11.1. Cal das seguintes afirmacións é correcta?
- A) A configuración de rede é incongruente e non poderei comunicarme con ningún outro equipo.
  - B) A configuración de rede é correcta e poderei acceder aos equipos da miña rede, así como a todas as redes ás que me dea acceso o enrutador.
  - C) A configuración de rede é incongruente, só poderei acceder aos equipos con enderezos IP entre a 192.168.10.1 e a 192.168.10.254.
  - D) A configuración de rede é incorrecta. Se configuro unha máscara de rede de 25 bits podereime comunicar sen problemas.

40. Como se denomina o bus que nos indica a memoria máxima que podemos dirixir?
- A) Bus de control.
  - B) Bus de enderezos.
  - C) Bus de frecuencia.
  - D) Bus de datos.
41. Que tipo de memorias caché adoitan contar con baterías para asegurar a consistencia dos datos en caso dun corte eléctrico?
- A) Todos os tipos de caché.
  - B) Ningún tipo de caché.
  - C) As memorias caché de lectura.
  - D) As memorias caché de escritura das controladoras RAID ou as cabinas de almacenamento.
42. Cal das seguintes afirmacións define mellor un proxy?
- A) É un software ou dispositivo que fai de intermediario entre as peticións dun cliente e un servidor.
  - B) É unha tecnoloxía para filtrar os paquetes no acceso a Internet.
  - C) É un tipo de servidor de correo.
  - D) É un dispositivo que permite balancear o tráfico dun cliente entre varios dispositivos.
43. En Microsoft Windows, que comando actualiza a configuración das directivas de grupo?
- A) gpresult.
  - B) gpcheck.
  - C) gpupdate.
  - D) updategd.
44. As versións de 32 bits de Windows poden recoñecer ata:
- A) 4 Gb de RAM.
  - B) 8 Gb de RAM.
  - C) 16 Gb de RAM.
  - D) 32 Gb de RAM.
45. Que definición encaixa mellor para unha unidade organizativa no directorio activo de Microsoft?
- A) É un cartafol contedor de atributos.
  - B) É un obxecto contedor para organizar os obxectos dun dominio.
  - C) Unha unidade organizativa non pode conter outra unidade organizativa.
  - D) É o compoñente máis básico da estrutura do directorio activo.
46. Indique cal dos seguintes é un servidor de correo electrónico corporativo:
- A) Microsoft Exchange.
  - B) Apple Keyboard.
  - C) Google Docs.
  - D) Amazon Kindle.

47. O porto TCP por defecto para a transmisión mediante SMTP segundo IANA é:

- A) 443.0
- B) 25.0
- C) 22.0
- D) 45.0

48. Dentro dos sistemas de información, os dispositivos que permiten o intercambio de información co mundo non dixital, tales como teclados, altosfalantes, monitores, escáneres, impresoras... que nome reciben?

- A) Interfaces.
- B) Apoios.
- C) Exteriores.
- D) Externos.

49. Sinale cal das seguintes respostas indica unha técnica especializada de compresión de datos, eliminando datos repetidos, sexa no ámbito de ficheiro, bloque ou byte:

- A) Deduplicación.
- B) RAID.
- C) Redecompresión.
- D) RCP.

50. É conveniente aplicar as actualizacións de software dos fabricantes como medida de protección?

- A) Non, adoitan conter moitos erros.
- B) Si, é a mellor forma de garantir que os sistemas están protexidos contra as vulnerabilidades.
- C) Non, poden provocar paradas inesperadas.
- D) Non, son medidas moi molestas para os usuarios e pouco eficaces.

51. Con que relacionaría o concepto Distinguished Name?

- A) Cunha lista de enderezos de correo electrónico.
- B) Co identificador dun obxecto nun servizo de directorio (LDAP).
- C) Cunha táboa mestra nun sistema de xestión de base de datos.
- D) Co conxunto que forman o nome e versión do sistema operativo.

52. Pode unha ameaza aos sistemas de información materializarse a través dunha memoria USB?

- A) Non, os portos USB levan incorporados sistemas de protección na súa capa física.
- B) Non, os portos USB teñen unha protección antivirus nativa.
- C) Si, a través do software ou dos ficheiros que conteña.
- D) Non, as memorias USB ou os seus contidos non poden infectar outros elementos.

53. Cal dos seguintes sistemas de ficheiros permite configurar permisos de usuario e é compatible con Microsoft Windows?

- A) FAT.
- B) HFS.
- C) NTFS.
- D) ExFAT.

54. Cal dos seguintes non é un navegador de Internet de uso habitual?

- A) Mozilla Firefox.
- B) Google Chrome.
- C) Microsoft Edge.
- D) Caceria.

55. O conxunto de políticas de administración da información para garantir a seguridade da información é:

- A) Sistema de xestión da calidade (SXCAL).
- B) Sistema de xestión da innovación (SXIN).
- C) Sistema de xestión da seguridade da información (SXSI).
- D) Sistema de xestión de recursos (ERP).

56. Un dos seguintes non é un nome comercial dunha tableta (ordenador portátil):

- A) Apple iPad.
- B) Samsung Galaxy Tab.
- C) Microsoft Surface.
- D) Google Docs.

57. Indique a característica que non proporciona o protocolo SSL:

- A) Non repudio.
- B) Autenticación.
- C) Integridade.
- D) Confidencialidade.

58. Que son os metadatos?

- A) Son datos que sufriron algunha corrupción durante o seu almacenamento ou transmisión.
- B) Son datos de pouca calidade.
- C) Son datos que describen outros datos.
- D) Son datos sen relación entre si.

59. O sistema IANUS verificará a autorización de todo profesional que intente acceder á información contida na historia clínica electrónica?

- A) Non, só é necesario identificalo.
- B) Si, identificará de forma inequívoca e personalizada a todo profesional que o intente e verificará a súa autorización.
- C) Non, non é necesario facer identificación nin verificación ao tratarse dunha rede interna.
- D) Non, en ningún caso.

60. Cal das seguintes é unha ferramenta para a administración de bases de datos SQL Server?

- A) SQL Server Visual Dev.
- B) SQL Server Management Studio.
- C) SQL Server Data Studio.
- D) Ningunha das anteriores.

61. Na world wide web, como se denomina o protocolo destinado á transferencia segura de datos de hipertexto?
- A) shp
  - B) https
  - C) sdh
  - D) sttp
62. A unidade máis pequena na que se pode escribir ou ler información nunha unidade de disco duro é:
- A) O sector.
  - B) A pista.
  - C) A cabeza de lectura/escritura.
  - D) O cilindro.
63. Se queremos deseñar unha ligazón de 10 Gbps, que medio de transmisión nos permite alcanzar a máxima lonxitude da ligazón?
- A) Cables de cobre categoría 7.
  - B) Fibra óptica monomodo tipo OS2.
  - C) Par trenzado telefónico.
  - D) Cable firewire.
64. Que característica das seguintes presenta a fibra óptica monomodo?
- A) Propaga impulsos eléctricos no canto de impulsos luminosos.
  - B) Para a súa fabricación utilízanse materiais opacos.
  - C) Pódese utilizar en distancias máis grandes ca a fibra óptica multimodo.
  - D) Ningunha das anteriores.
65. Unha das funcións dos sistemas de información é a realización de transaccións. Unha das seguintes non é unha propiedade dunha transacción:
- A) Atomicidade das transaccións.
  - B) Consistencia das transaccións.
  - C) Permanencia das transaccións.
  - D) Unha operación pode afectar a outras que se realicen en paralelo; denomínase non illamento.
66. En cantos niveis se clasifican as medidas de seguridade esixibles aos ficheiros e tratamentos segundo o Real decreto 1720/2007?
- A) En 2: esixente e non esixente.
  - B) En 3: básico, medio e alto.
  - C) En 4: nivel 1, nivel 2, nivel 3 e nivel 4.
  - D) Non se clasifican.
67. O acrónimo USB fai referencia a:
- A) Universal Serial Bus.
  - B) Unplugged Serial Bus.
  - C) Universal System Bus.
  - D) Unified Secuencial Bus.

68. Segundo o Real decreto 1720/2007, existe algunha obrigación previa ao tratamento dos datos de carácter persoal nos ficheiros de titularidade pública?
- A) Non existe ningunha obrigación.
  - B) É suficiente unha autorización verbal de alguén con rango de director xeral.
  - C) A creación, modificación ou supresión dos ficheiros de titularidade pública só poderá facerse por medio dunha disposición xeral ou acordo publicados no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.
  - D) Require permiso do Consello de Ministros.
69. En SQL, a sentenza SELECT nome, apelido FROM persoa ORDER BY apelido mostra:
- A) Os campos nome e apelido de todos os rexistros da táboa persoa, sen ningunha orde.
  - B) Todos os rexistros da táboa persoa nos que o campo apelido non sexa nulo, ordenados polo campo apelido.
  - C) Os campos nome e apelido de todos os rexistros da táboa persoa, ordenados polo campo apelido.
  - D) Todos os rexistros da táboa persoa, ordenados segundo se inseriron.
70. Que propiedades han ter as transaccións dos sistemas xestores de bases de datos (SXBD):
- A) Atomicidade, consistencia, cohesión e persistencia.
  - B) Atomicidade, consistencia, polimorfismo e persistencia.
  - C) Atomicidade, consistencia, illamento e persistencia.
  - D) Atomicidade, encapsulación, herdanza e persistencia.
71. Cal das seguintes non é unha función clásica dos sistemas de información?
- A) Almacenar datos de acordo cunha estrutura ou organización de almacenamento adecuado (base de datos ou arquivo).
  - B) Actualizar datos mediante a inserción, a modificación e a eliminación de datos nos medios de almacenamento.
  - C) Xerar os informes requiridos, que poden ser de diversos tipos.
  - D) Garantir que non existe integridade dos datos.
72. Indique que sentenza SQL utilizaría para desfacer unha transacción:
- A) ROLLBACK.
  - B) REVOKE.
  - C) BACKSTEP.
  - D) UNDO.
73. Cal é a unidade de información dixital usada de maneira común?
- A) O byte.
  - B) A arroba.
  - C) O voltio.
  - D) O amperio.

74. Segundo o Decreto 29/2009, cando quedará plenamente garantido o dereito do paciente ou usuario á súa intimidade persoal e familiar?
- A) Só se esixe cando acceda persoal administrativo.
  - B) Garantirase en todos os casos.
  - C) Só se esixe cando accede persoal externo.
  - D) Só se aplicará ao persoal informático.
75. Como se relacionan os datos e a información?
- A) Non teñen ningunha relación.
  - B) Os datos incoherentes denomínanse información.
  - C) A información é un conxunto organizado de datos procesados.
  - D) A información incoherente é o que se denomina dato.
76. Indique que utilidade permite editar o rexistro de Windows no sistema operativo Microsoft Windows 7:
- A) A utilidade regedit.
  - B) A utilidade sysedit.
  - C) A utilidade telnet.
  - D) A utilidade regedit32.
77. Indique sobre que bandas de frecuencia funcionan as redes Wi-Fi IEEE 802.11ac:
- A) Só sobre a banda de 2.4 GHz.
  - B) Só sobre a banda de 5 GHz.
  - C) Sobre a banda de 3.4 GHz e sobre a banda de 5 GHz.
  - D) Sobre a banda de 5 GHz e sobre a banda de 7 GHz.
78. Consideraría seguro un sistema de información que non dispón de ningún control de acceso?
- A) Si, os usuarios son capaces de xestionar a seguridade por si sos.
  - B) Si, calquera usuario sabe o que pode e non pode facer.
  - C) Non, é necesario dispoñer de controis de acceso aos recursos.
  - D) Si, é unha medida que non aumenta a seguridade dos sistemas de información.
79. Para que serve o servizo DHCP de Microsoft?
- A) Permítelles aos equipos obter os datos de enderezamento IP e outras opcións de forma automática.
  - B) É un proxy para o acceso a Internet.
  - C) Permite resolver os enderezos IP a nomes.
  - D) Dynamic Host Control Protocol. Permite xestionar os servidores de forma remota.
80. Nunha base de datos relacional quérese engadir unha nova columna nunha táboa xa existente. Que sentenza SQL habería que utilizar?
- A) add column.
  - B) alter table.
  - C) insert column.
  - D) modify table.

81. Cal é o propósito da linguaxe DDL nunha base de datos?
- A) Definir a estrutura lóxica dunha base de datos.
  - B) Acceder á base de datos para ler, escribir ou modificar información.
  - C) Recuperar e eliminar unha base de datos.
  - D) Definir os datos lóxicos da base de datos.
82. Como pode un equipo co enderezo IP 10.0.0.22 acceder a Internet?
- A) Non pode. O enderezo 10.0.0.22 é un enderezo IP privado.
  - B) Mediante o uso de NAT.
  - C) Accedendo routing non necesita nada máis.
  - D) Só pode acceder aos servidores de Internet da rede 10.0.0.0/24.
83. Como se denomina o servizo de streaming de vídeo máis popular en Internet?
- A) YouTube.
  - B) AltaVista.
  - C) WordReference.
  - D) AutoTune.
84. IANUS gardará información de cada intento de acceso?
- A) Só se foi errado.
  - B) Non, é unha intromisión na intimidade dos usuarios.
  - C) De cada intento de acceso gardaranse, como mínimo, a identificación do profesional de que se trate, a data e a hora en que se realizou, a parte da historia clínica electrónica á que se accedeu e o tipo de acceso.
  - D) Non, é tecnicamente imposible.
85. Indique o acrónimo de worl wide web utilizado na nomenclatura de dominios da Internet:
- A) world
  - B) www
  - C) .org
  - D) http
86. O servizo das versións actuais de Windows Server que permite almacenar información relativa aos ordenadores persoais (PC) co fin de facilitar a súa localización e administración denomínase:
- A) NTFS.
  - B) LPD.
  - C) Active Directory.
  - D) DHCP.
87. Que sentenza das seguintes pertence á categoría DDL?
- A) CREATE.
  - B) UPDATE.
  - C) SELECT.
  - D) DELETE.

88. Cal é o dominio de Internet patrocinado para a lingua galega e a súa cultura?
- A) .es
  - B) .com
  - C) .gal
  - D) .org
89. Cal dos seguintes elementos non forma parte da estrutura lóxica dunha rede que utilice directorio activo de Microsoft?
- A) Planta.
  - B) Árbore.
  - C) Bosque.
  - D) Dominio.
90. No sistema operativo Microsoft Windows 7, o rexistro de Windows almacénase en:
- A) Un ficheiro .conf.
  - B) Unha base de datos xerárquica.
  - C) Un conxunto de ficheiros .ini, un ficheiro autoexec.bat e un ficheiro config.sys.
  - D) Un ficheiro .xml.
91. Como se chama o servizo de mensaxería instantánea para teléfonos intelixentes adquirido por Facebook en 2014?
- A) MessageMaster.
  - B) SpamMessage.
  - C) Messagings.
  - D) WhatsApp.
92. Que regula o Decreto 29/2009?
- A) O acceso e uso da información contida na historia clínica electrónica no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia.
  - B) A seguridade das transferencias bancarias.
  - C) A ergonomía dos sistemas de información do Servizo Galego de Saúde.
  - D) A imaxe corporativa do portal do Servizo Galego de Saúde.
93. As vantaxes das memorias DDR4 fronte ás DDR3 anteriores son:
- A) Maior ancho de banda.
  - B) Aumento de latencia.
  - C) Menor capacidade.
  - D) Todas as respostas son correctas.
94. Pode acceder a IANUS o persoal de xestión e servizos?
- A) Non, en ningún caso.
  - B) Si, sen ningunha limitación e sen estar suxeito aos deberes do resto do persoal.
  - C) Si, estará restrinxido aos datos imprescindibles para o exercicio das súas funcións en relación co seu posto de traballo.
  - D) O persoal administrativo poderá acceder exclusivamente para realizar facturación a terceiros.

95. É o bloqueo automático de equipos tras un tempo sen uso unha medida de protección eficaz?
- A) Non, xa que todo o mundo sabe o que non pode facer.
  - B) Non, trasladada desconfianza cara aos usuarios.
  - C) Non, é unha medida desaconsellada polas normas de xestión da seguridade da información.
  - D) Si, xa que evita o acceso por persoas non autorizadas.
96. Que é un buscador de Internet?
- A) Un xestor de base de datos relacional.
  - B) Un protocolo de correo electrónico.
  - C) Un sistema informático que busca arquivos almacenados en servidores web.
  - D) Un servizo de música en liña.
97. Con respecto aos principios relativos á calidade dos datos, o Real decreto 1720/2007 establece:
- A) Aos datos de carácter persoal non se lles esixe ser exactos nin responder con veracidade á situación actual do afectado.
  - B) Os datos de carácter persoal obxecto de tratamento poderán usarse para finalidades totalmente distintas e incompatibles con aquelas para as que os datos fosen recollidos.
  - C) Permítese a recollida de datos por medios fraudulentos, desleais ou ilícitos.
  - D) Os datos de carácter persoal deberán ser tratados de forma leal e lícita.
98. Cantos compoñentes adoita ter un ficheiro indexado?
- A) Un, onde estea toda a información do ficheiro, posto que os índices se almacenan na memoria principal.
  - B) Dous: zona de almacenamento de datos e zona de índices.
  - C) Tres: zona de datos, zona de claves e zona de índices.
  - D) Catro: zona de datos, zona de claves, zona de índices e zona de punteiros.
99. Un segmento TCP é unha PDU (unidade de datos de protocolo) da capa de:
- A) Transporte.
  - B) Rede.
  - C) Ligazón.
  - D) Presentación.
100. Cales son as funcións que desempeña os dominios no directorio activo?
- A) Actúan como límite administrativo e axudan a administrar a seguridade.
  - B) Permítenos acceder desde Internet ao directorio activo.
  - C) Permiten ampliar o máximo de obxectos no directorio activo.
  - D) Ningunha das anteriores é correcta.
101. En función do número de procesadores que son capaces de manexar, os sistemas operativos clasifícanse en:
- A) Monotarefa/Multitarefa.
  - B) Monoprocesador/Multiprocesador.
  - C) Monousuario/Multiusuario.
  - D) Uniprocesador/Multiprocesador.

- 102.** Nunha sentenza SQL, ao aplicar ORDER BY, que orde se aplica por defecto se non se especifica ASC ou DESC?
- A) ASC.
  - B) DESC.
  - C) Ningunha orde.
  - D) A orde en que se incorporaron os datos á táboa.
- 103.** Que protocolo se definiu dentro do estándar 802.11 para implantar medidas de seguridade en redes de área local sen fíos?
- A) No estándar 802.11 non se inclúen protocolos de seguridade.
  - B) WEP (Wired Equivalent Privacy).
  - C) PAL (Phase Alternating Line).
  - D) PWA (Private Wireless Access).
- 104.** Nos sistemas de bases de datos relacionais, que é a cardinalidade?
- A) O número de claves primarias que existen.
  - B) O número de tuplas que ten unha entidade.
  - C) O número de atributos que ten unha entidade.
  - D) O número de columnas dunha táboa.
- 105.** Se queremos facer comunicacións seguras a través de Internet, que protocolo podemos usar?
- A) Non é posible facer comunicacións seguras a través de Internet.
  - B) Só é posible facer comunicacións seguras dentro dunha LAN.
  - C) Protocolos criptográficos como SSL ou TLS.
  - D) Co protocolo http estándar é suficiente.
- 106.** Como se denomina o sistema de información corporativo mediante o que se xestionará a historia clínica electrónica?
- A) Silicon.
  - B) Sigap.
  - C) IANUS.
  - D) SisinfClin.
- 107.** Nun sistema operativo Microsoft Windows onde se configurou a obtención do enderezo IP de forma automática, como podemos saber que IP se lle asignou?
- A) Non podemos sabelo salvo que utilicemos un usuario con privilexios de administrador.
  - B) A través da consola cmd co comando ipconfig.
  - C) A través da consola cmd co comando ping 127.0.0.1.
  - D) A través da aplicación whatsmyip.exe.
- 108.** Cal dos seguintes protocolos se usa habitualmente na navegación por Internet?
- A) http
  - B) ktp
  - C) ppt
  - D) odt

**109.** Indique cal dos seguintes non é un buscador de Internet?

- A) Google.
- B) Bing.
- C) Yahoo.
- D) Adobe Flash.

**110.** Que nome recibe a tenda de aplicacións informáticas de Apple?

- A) Google Play.
- B) Amazon.
- C) AppStore.
- D) Tenda Windows.